



BOP

MARTES, 29 DE NOVIEMBRE DE 2022 N.º 273

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

ABADÍN

Exposición pública da aprobación da Conta Xeral Orzamento 2021

Unha vez formulada e rendida a Conta Xeral do Orzamento 2021 a Comisión Especial de Contas do Concello de Abadín en sesión de 25 de novembro de 2022 ditaminou a devandita Conta Xeral.

Dacordo co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais queda exposta ao público por un prazo de QUINCE (15) días hábiles a partir da publicación do presente anuncio no boletín oficial da provincia para o seu examen a efectos de posibles reclamacións, reparos ou observacións.

Abadín, 28 de novembro de 2022.- O Alcalde, José María López Rancaño.

R. 3481

Anuncio

Aprobación Inicial Orzamento Xeral 2022

O Pleno do Concello de Abadín en Sesión Ordinaria celebrada o 25 de novembro de 2022 aprobou inicialmente o Proxecto de Orzamentos para 2022, a plantilla de persoal e as bases de execución de dito orzamento, con arranxo ao previsto no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, así expone ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

Transcurrido dito prazo sin que se houberen presentado reclamacións, o orzamento considerarase definitivamente aprobado.

Abadín, 28 de novembro de 2022.- O Alcalde, José María López Rancaño.

R. 3482

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 21/11/2022, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de outubro do 2022 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcurrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 23/01/2023. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederáse á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Becerreá, 21 de novembro de 2022.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3407

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 16 de novembro de 2022, adoptou, entre outros o acordo 5/674 MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 18/594 DE APROBACIÓN DAS BASES XERAIS QUE REGULAN A CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS BOLSAS DE TRABALLO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO E DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 15/306, CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CREACIÓN DE BOLSAS DE TRABALLO (APARTADO 2.1.B, DAS BASES XERAIS QUE REGULAN A CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS BOLSAS DE TRABALLO NAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS) NAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS, cuxa parte dispositiva é do seguinte teor literal:

“PRIMEIRO.- Modificar o ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 18/594 DE APROBACIÓN DAS BASES XERAIS QUE REGULAN A CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS BOLSAS DE TRABALLO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO do seguinte xeito:

“SEGUNDA.- CREACIÓN DAS BOLSAS DE TRABALLO

1.- As bolsas de traballo crearanse como consecuencia de:

a) A realización das “probos selectivas” para o acceso á función pública no Concello de Lugo ou para o acceso á condición de persoal laboral fixo. Constituirase unha bolsa de traballo cos/as aspirantes que, ao menos, superasen o primeiro exercicio.

Esta bolsa terá unha vixencia de tres anos desde a súa aprobación, salvo que con anterioridade á dita data se constituía unha nova bolsa que a substitúa como consecuencia dun proceso selectivo ou en caso contrario sexa necesaria a súa prórroga polo tempo que se determine polo órgano competente en caso de urxencia e necesidade debidamente acreditada no expediente.

Esta bolsa usarase para a cobertura interina ou temporal en calquera dos supostos sinalados na base primeira.

b) A realización de “convocatorias específicas por concurso oposición” para a constitución de bolsas de traballo, nas escalas e especialidades que se estimen convenientes e sen prexuízo de que xa existan bolsas de traballo formadas polo sistema disposto no apartado anterior.

Esta bolsa terá unha vixencia de tres anos desde a súa aprobación, salvo que con anterioridade á dita data se constituía unha nova bolsa que a substitúa como consecuencia dunha nova convocatoria específica por concurso oposición ou en caso contrario sexa necesaria a súa prórroga polo tempo que se determine polo órgano competente en caso de urxencia e necesidade debidamente acreditada no expediente.

Esta bolsa usarase para a cobertura interina ou temporal en calquera dos supostos sinalados na base primeira.

En calquera caso, os candidatos que formen parte das bolsas a que se refire o apartado a) terán prioridade sobre os que constituían as bolsas que se formen mediante convocatoria pública específica por concurso oposición.

c) A realización de “convocatorias específicas por concurso” para a constitución de bolsas de traballo nas escalas e especialidades que se estimen convenientes e sen prexuízo de que xa existan bolsas de traballo formadas polo sistema disposto no apartado anterior.

En calquera caso, os candidatos que formen parte das bolsas a que se refiren os apartados a) e b) terán prioridade sobre os que constitúan as bolsas que se formen mediante convocatoria pública específica por concurso.

Esta bolsa unicamente se usará para a cobertura interina ou temporal nos supostos sinalados nos apartados b), d), f) da base primeira, coa xustificación debida da súa necesidade. Nas convocatorias que se realicen para a constitución de bolsas de traballo, os/as aspirantes deberán reunir as condicións xerais esixibles para participar nas probas de acceso ás correspondentes prazas de funcionarios, ou para o ingreso como persoal laboral fixo das correspondentes categorías e especialidades, así como os requisitos que figuren na relación de postos de traballo, se é o caso. Estas bolsas serán actualizadas anualmente conforme á base sexta.

d) Poderán constituírse, en casos de urxencia e por situacións extraordinarias, “Bolsas de traballo transitorias” cos/as aspirantes que superaran o primeiro exercicio da oposición no marco do procedemento selectivo en curso, sen prexuízo da continuidade do proceso selectivo. As bolsas de traballo constituídas ao amparo deste apartado terán carácter provisional e serán substituídas polas bolsas de traballo que se constituían unha vez finalizado o proceso selectivo en curso. Esta bolsa unicamente se usará para a cobertura interina ou temporal nos supostos sinalados nos apartados b), d), f) da base primeira, e os nomeados/as ou contratados/as continuarán prestando o servizo ata a finalización da causa que deu orixe aínda que se aprobara durante a prestación de servizos a lista definitiva.

CUARTA.- ORDE DE PRELACIÓN

1.- Orde de prelación

A orde de prelación dos/as aspirantes nas bolsas de traballo será a seguinte:

1º.- Na bolsa referida na base 2.1.a) resultante do proceso selectivo, terase en conta primeiramente o maior número de exercicios aprobados. A igualdade de exercicios aprobados, maior puntuación na suma dos exercicios aprobados. A igualdade de puntuación total, terase en conta a maior nota do primeiro exercicio e así sucesivamente ata o desempate. De persistir o empate, procederase ao sorteo público.

2º.- Na bolsa referida na base 2.1.b) resultante de convocatorias específicas por concurso oposición para a constitución de bolsas de traballo, terase en conta a maior puntuación total, que será a resultante da suma das puntuacións obtidas nas probas superadas coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso. A igualdade de puntuación total, terase en conta a maior nota do primeiro exercicio e así sucesivamente ata o desempate. De persistir o empate, procederase ao sorteo público.

3º.- Na bolsa referida na base 2.1.c) resultante de convocatorias específicas para a constitución de bolsas de traballo, terase en conta a maior puntuación total. En caso de empate, a maior nota seguindo as epígrafes do baremo de méritos e de persistir empate, procederase ao sorteo público.

4º.- Na bolsa referida na base 2.1.d) de carácter transitorio, terase en conta a nota do primeiro exercicio, e en caso de empate seguirase a orde do primeiro apelido que empece pola letra resultante do sorteo público que rexe a orde de actuación dos aspirantes no momento de constitución da bolsa.

2.- Chamamentos

Realizaranse os chamamentos atendendo á orde da bolsa, tendo en conta o seguinte:

2º Son independentes as bolsas de traballo das categorías de diferente grupo de clasificación segundo a relación de postos de traballo do Concello de Lugo.

SEXTA.- CONVOCATORIAS ESPECÍFICAS PARA A INCLUSIÓN NA BOLSA DE TRABALLO (2.1c)

1.- Cando non exista unha bolsa de espera resultante dun proceso selectivo ou convocatoria específica por concurso oposición, estas se esgotaran ou sexan insuficientes ou concorran algunha circunstancia que o xustifique en atención ás funcións ou tarefas para desenvolver, haberá de facerse unha convocatoria pública para a confección dunha bolsa extraordinaria.

9.- Actualización. As solicitudes de revisión de puntuacións poderanse presentar de forma permanente e en calquera data.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

No caso de esgotamento ou inexistencia da bolsa resultante dun proceso selectivo ou convocatoria específica por concurso oposición, e acreditadas razóns imperiosas de urxencia e necesidade, poderase aplicar a lista resultante de convocatoria específica, tras a consulta á Comisión Permanente de Seguimento nos supostos sinalados nos apartados a), c), e e) da base primeira.”

SEGUNDO.- Modificar o ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 15/306, CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CREACIÓN DE BOLSAS DE TRABALLO (APARTADO 2.1.b, DAS BASES XERAIS QUE REGULAN A CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS BOLSAS DE TRABALLO NAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS) NAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS do seguinte xeito:

“ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 15/306 CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CREACIÓN DE BOLSAS DE TRABALLO (APARTADO 2.1.c, DAS BASES XERAIS QUE REGULAN A CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS BOLSAS DE TRABALLO NAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS) NAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS.

VI.- ACTUALIZACIÓN

As solicitudes de revisión de puntuacións poderanse presentar de forma permanente e en calquera data.”

TERCEIRO.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

CUARTO.- Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado desta orde de Lugo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Igualmente, poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado dende o día seguinte á publicación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Lugo, 22 de novembro de 2022.- A Tenenta de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 3408

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Oural en sesión extraordinaria celebrada o día 16 de novembro de 2022, prestou aprobación inicial ao **Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de OUTUBRO de 2022 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de dous mil setecentos quince euros con dezaseis céntimos (2.715,16 €), correspondendo mil cento vinte e sete euros con vinte e cinco céntimos (1.127,25 €) a libre concorrència e mil cincocentos oitenta e sete euros con noventa e un céntimos (1.587,91€) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Oural, 18 de novembro de 2022.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 3409

A PONTENOVA

Anuncio

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE OUTUBRO 2022.

Por Resolución de alcaldía do 17 de novembro de 2022 respectivamente, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 9 de decembro de 2022 ao 9 de febreiro 2023**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 9 de decembro de 2022 ao 9 febreiro de 2023**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a 18 de novembro de dous mil vinte e dous .

A Pontenova, 18 de novembro de 2022.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3410

Anuncio

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o día 29 de setembro de 2022 adoptou, entre outros, o acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia (PAI) do Concello da Pontenova.

No BOP núm. 233 de data 11 de outubro de 2022 publicouse o anuncio de exposición pública da aprobación inicial da antedita ordenanza e ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, de conformidade co disposto no artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, procédese a publicación do seu texto íntegro para a súa entrada en vigor.

Contra a Ordenanza aprobada, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (P.A.I.) DO CONCELLO DA PONTENOVA.

CAPÍTULO 1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

Artigo 1.- Obxecto.

O presente regulamento ten por obxecto establecer a organización e o funcionamento do Punto de Atención á Infancia (en diante P.A.I.) do Concello da Pontenova.

O Punto de Atención á Infancia está xestionado directamente polo Concello da Pontenova, sen prexuízo de que poda acordarse outro modo de xestión do mesmo de acordo coa normativa aplicable. Está situado na Avenida de Taramundi número 9-11, en A Pontenova.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación.

Constitúe o ámbito de aplicación deste regulamento o P.A.I. do Concello da Pontenova, que se configura como equipamento diúrno e de titularidade municipal, para a poboación infantil entre tres meses e tres anos.

Artigo 3.- Función.

O P.A.I. cumpre unha función eminentemente social e educativa, proporcionando ós seus usuarios unha atención integral sen distinción de raza, sexo, condición social ou económica, a través dun programa global que garanta o pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral dos nenos. O P.A.I. cooperará estreitamente cos pais, tutores ou representantes legais co fin de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral e acadar a mellor integración entre o centro e as familias.

CAPITULO II. OBXECTIVOS DO PAI.

Artigo 4.- Obxectivos.

Son obxectivos específicos deste centro:

- Promover e fomentar o desenvolvemento integral dos nenos e o aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas do neno.
- Facilitar a conciliación entre a vida laboral e familiar.
- Facilitar o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos: Cooperación, solidariedade, respecto...
- Acadar un equilibrio afectivo satisfactorio.
- Respetar a singularidade e diversidade de cada neno.
- Posibilitar a integración progresiva dos nenos na cultura do seu medio.
- Crear un ambiente que favoreza o desenvolvemento individual e de grupo nas aptitudes e nas actividades diarias.
- Facilitar a adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais, facendo un uso adecuado deles.
- Facilitar a integración dos nenos con necesidades educativas especiais.
- Potenciar a iniciativa dos nenos para que tenten resolver os seus problemas e adquiren maior autonomía.
- Acentuar os aspectos de colaboración en lugar de competencia, para inculcar nos nenos un sentido de grupo.

CAPÍTULO III. PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN E FOMENTO DA IGUALDADE.

Artigo 5.- Promoción da integración.

- 1.- O PAI promoverá, dentro das súas posibilidades, a integración dos nenos con necesidades educativas especiais, sempre e cando se conte cos recursos materiais e humanos necesarios.
- 2.- Neste caso requirirase o informe previo dos equipos de valoración e orientación dependentes da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar, sobre o grado de discapacidade e a súa necesidade de integración.
- 3.- A integración de nenos con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais estará supeditada á existencia de condicións de infraestrutura idóneas e de persoal adecuado e suficiente no cadro de persoal do centro. En ningún caso poderá haber mais dun neno de integración por aula. A efectos de cómputo, estas prazas contabilizaranse por dúas.

Artigo 6.- Fomento da igualdade.

- 1.- O PAI programará actividades para promover a igualdade entre os nenos e nenas e evitar os comportamentos e as actividades discriminatorias por razón de sexo.
- 2.- O PAI poñerá especial coidado en revisar aqueles materiais e ilustracións que se empreguen como instrumentos de traballo. Así mesmo vixiará para que no uso da linguaxe se adopten expresións e formas non discriminatorias.
- 3.- Prestarase especial atención ao fomento da interculturalidade como instrumento de superación de desigualdades, inxustizas, prexuízos e racismo.

CAPÍTULO IV. PRAZAS E IDADES.

Artigo 7.- Prazas.

- 1.- O PAI terá 20 prazas, reservándose en todo caso, un mínimo dunha praza para casos considerados de carácter urgente polos servizos sociais municipais.
- 2.- As prazas cubriranse, preferentemente, con nenos de unidades familiares empadroadas en A Pontenova. No caso de haber prazas vacantes, poderanse admitir nenos residentes noutros concellos limítrofes.

Artigo 8.- Idade.

Poderán solicitar praza no PAI de A Pontenova, os nenos con idades comprendidas entre os 3 meses e os que non teñan cumpridos os catro anos antes do 31 de decembro do ano en curso.

CAPÍTULO V. PROCEDEMENTO DE INGRESO.

Artigo 9.- Solicitudes de ingreso.

1.- As solicitudes de novo ingreso facilitaranse no PAI ou no Departamento de SS.SS do Concello e presentaranse na oficina de rexistro do Concello, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

2.- As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Libro de familia onde apareza o neno a ingresar no PAI.
 - b) Título de familia numerosa (no seu caso).
 - c) DNI ou pasaporte dos pais, titores ou representantes legais.
 - d) Certificado de empadramento e convivencia expedido polo Concello.
 - e) Declaración da renda, ou certificación de estar exento de facela, ou calquera outra documentación que se requira e sexa necesaria para coñecer a situación económica da unidade familiar.
 - f) Carné de vacinación actualizado.
 - g) Certificado médico de que o neno non padece enfermidade infecto-contaxiosa.
 - h) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social ou documento equivalente.
 - l) Catro fotografías tamaño carné.
 - j) Autorización por escrito das persoas que poden recoller ó neno.
 - k) No caso de que o menor estea suxeito a algún medicamento ou tratamento médico será necesaria a autorización por escrito dos pais, titores ou representantes legais, indicando as características do tratamento e as horas de administración da dose correspondente.
 - l) Informe dos pais ou titores, no caso de que o menor manifeste algún tipo de alerxia alimenticia (lactosa, gluten, etc.) e física (a materias como certas pinturas, tecidos, etc.).
 - m) Autorización dos pais ou titores para a gravación ou realización de fotos dos nenos dentro de actividades realizadas polo centro.
- 3.- En todo caso respectarase o disposto na Lei orgánica 15/1999, de Protección de Datos, no que se refire os datos de carácter persoal que figuren na documentación aportada.

Artigo 10.- Solicitud de reserva de praza.

Os pais ou titores dos nenos matriculados e con praza no PAI, presentarán a súa solicitude de reserva de praza no PAI. Os nenos que fosen admitidos, terán garantido o acceso ós novos cursos sen necesidade dun novo proceso de admisión.

Artigo 11.- Presentación de solicitudes.

1.- O procedemento e prazos para a reserva de praza e solicitudes de novo ingreso publicaranse anualmente no taboleiro de anuncios do Concello e do PAI.

3.- Se a solicitude non reunise todos os requisitos establecidos requirirase ao interesado para que corrixa a falla ou acerque os documentos preceptivos no prazo de 10 días. Se non o fixera teráselle por desistido da súa petición.

2.- Coas solicitudes que non acaden praza formarase unha lista de espera que se elaborará a estes efectos. As vacantes que se vaian producindo ao longo do curso serán cubertas por rigorosa orde de dita lista, salvo circunstancias excepcionais debidamente xustificadas e que non se puidesen prever no momento de elaborar a lista.

Artigo 12.- Admisións preferentes.

A parte dos que xa teñan reserva de solicitude por ter xa praza no PAI neste momento, serán considerados preferentes, seguindo a orde que se establece a continuación, os casos de:

- a) Os usuarios con empadramento e residencia efectiva no Concello da Pontenova.
- b) Os nenos que xa teñan un irmán con praza no mesmo PAI.
- o) Os nenos de familias incluídas nos programas de intervención familiar que desenvolvan os servizos sociais municipais.
- d) Os nenos integrantes de familias numerosas.

Artigo 13.- Concesión do ingreso.

1.- Os expedientes de solicitudes de novo ingreso serán resoltos por decreto do alcalde, previa proposta do responsable do PAI e firmarse cos pais ou titores un contrato de ingreso ou de prestación de servizo.

2.- O baremo a aplicar para a resolución de solicitudes é o seguinte:

- N° de horas diarias que solicita: 0,5 puntos/hora.
- Si traballa o pai e a nai: 10 puntos.
- Familia monoparental: 5 puntos.
- Cargas familiares con dependencia demostrable a través de cualificación de minusvalía ou equivalente: 3 puntos.
- Por renda per capitá mensual familiar:
Ata 1.000 euros _____ 6 puntos
De 1.001-2.000 euros _____ 5 puntos
De 2.001-3.000 euros _____ 3 puntos

(Para o cómputo da renda per capitá mensual a estes efectos consideraranse os mesmos datos que para o calculo das cotas a pagar por este servizo).

3.- Contra a resolución de admisión os solicitantes poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas, debidamente documentadas, no prazo de 15 días contados a partir da data de publicación da relación provisional. As reclamacións resolveraaas o alcalde e co resultado das mesmas elaboraranse a lista definitiva que tamén se publicará e contra a que caben os recursos que estableza a normativa aplicable.

Artigo 14.- Ficha persoal e libro de rexistro.

1.- No momento do seu ingreso, abriráselles a cada neno unha ficha persoal na que constarán, con carácter confidencial, os datos de filiación, sanitarios, enderezo e teléfono para avisos en casos de urxencia, así como cantas circunstancias aconsellen unha atención diferenciada.

2.- O PAI contará cun libro de rexistro de usuarios, nos que se anotará a hora de entrada e saída dos nenos e calquera outra circunstancia que a persoa encargada considere necesario salientar. Este rexistro será obrigatoriamente diario co fin de saber en todo momento qué nenos están no centro.

Artigo 15.- Asistencias puntuais.

En tanto existan prazas vacantes, pódese acceder, por motivos puntuais dos pais ou titores, ao PAI, realizándose o apunte no libro de rexistro. O persoal do centro será responsable de esixir a contía destas estancias puntuais de forma previa.

CAPÍTULO VI. BAIXAS.

Artigo 16.- Baixas.

1.- Causarase baixa no PAI por algunha das circunstancias seguintes:

- a) Por incumprimento da idade regulamentaria de permanencia no centro.
- b) Por solicitude de pais, titores ou representantes legais.
- c) Por negativa a aboar a tarifa aplicable.
- d) Por comprobación da falsidade nos documentos ou datos aportados coa solicitude.
- e) Por incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro segundo a valoración do persoal responsable.
- f) Por incumprimento reiterado das normas do PAI, por parte dos pais ou titores.
- g) A non asistencia con regularidade sen causa xustificada.

2.- As baixas producidas durante o curso escolar, por calquera dos motivos anteriormente expostos, cubriranse coas solicitudes que quedasen en lista de espera e, en caso de non existir, polas solicitudes formuladas por rigorosa orde de rexistro.

3.- As baixas acordaranse por resolución de alcaldía previo informe do persoal responsable do centro.

CAPÍTULO VII. PREZOS PÚBLICOS.

Artigo 17.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible a situación de alta no servizo do PAI de A Pontenova.

Artigo 18.- Suxeitos pasivos.

Están obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen os pais dos nenos en situación de alta no PAI da Pontenova e, no seu defecto, os familiares ou titores legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

Artigo 19.- Cota Tributaria.

1. Importe da taxa polo concepto de atención educativa

A taxa mensual por atención educativa no PAI en xornada completa fíxase en 169,26 €.

Segundo o nivel de renda da unidade familiar, sobre este Importe aplicaranse as reducións que se especifican no número 2 deste anexo.

Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de xornada parcial, o importe da taxa correspondente reducirase no cincuenta por cento do que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.

2. Aplicación dos Importes públicos mensuais segundo os tramos de renda da unidade familiar:

- a) Rendas inferiores ao trinta por cento do indicador público de renda de efectos múltiples, en adiante IPREM: Importe da taxa: 0 €.
- b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM. Importe da taxa: 0 €.
- c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM. Importe da taxa: 34,91 €.
- d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM. Importe da taxa: 69,81 €.
- e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por por cento do IPREM. Importe da taxa: 112,13 €.
- f) Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM. Importe da taxa: 133,29 €.
- g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM. Importe da taxa: 147,05 €.
- h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM. Importe da taxa: 169,26 €.

3. Descontos

A) Segundo as circunstancias da unidade familiar sobre o importe que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

- a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.
- b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.
- c) Cando asistan ao centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 por cento.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de taxa no PAI que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da devindicación da declaración do IRPF.

B) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento.

Artigo 20.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo.

1.- Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2.- Computarase así mesmo o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3.- A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Artigo 21.- Pagamento.

1.- O pagamento das cotas, sen prexuízo dos casos de suspensión temporal da cota, realizarase, mediante liquidación, mensualmente nos dez primeiros días do mes seguinte ao que corresponda, mediante domiciliación bancaria.

2.- Cando o neno/a ingrese no centro con posterioridade ó día 15 do mes, a cota correspondente a dito mes terá un desconto do 50%.

3.- Salvo os casos de suspensión temporal da cota, a falta de asistencia do neno/a ó centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

4.- A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas orixinará a perda do dereito á praza.

Artigo 22.- Suspensión temporal da cota.

1.- Os suxeitos obrigados non terán a obriga de aboar a cota durante os seguintes períodos:

a) No mes de vacacións anual do neno/a.

b) Cando, por calquera motivo distinto ó período de vacacións anuais, o centro permaneza pechado un período superior a quince días.

c) Cando por causa debidamente xustificada, o neno/a deixe de asistir temporalmente ó centro. Neste caso, o suxeito obrigado estará exento de pagar a cota mensual dende o primeiro día do segundo mes natural seguinte ó da data de ausencia do centro. A suspensión da cota durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación do neno/a ó centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ó día 15 do mes, a cota correspondente a dito mes reducirase nun 50%.

2.- A solicitude de suspensión de cota, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o alcalde, que resolverá sobre a procedencia da suspensión.

3.- Nos casos de suspensión temporal da cota, o pagamento correspondente ó mes de reincorporación, realizarase no primeiros dez días do mes seguinte a da data de reincorporación. Así mesmo, nos casos en que o alcalde acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar as cotas atrasadas no prazo de dez días seguintes ó da notificación da resolución denegatoria.

Artigo 23.- Cobro de débedas.

As débedas por cotas impagadas do PAI poderán esixirse mediante o procedemento administrativo de apremio cando transcorreran 6 meses dende o seu vencemento sen que se conseguiran cobrar a pesar de realizarse as xestións oportunas.

Artigo 24.- Actualización dos prezos.

A contía dos prezos establecidos na presente ordenanza actualizarase anualmente de acordo co IPC e informarase aos usuarios.

CAPITULO VIII. ORGANIZACIÓN INTERNA.

Artigo 25.- Horario.

1.- O PAI poderá prestar servizo durante todo o ano, agás un mes ó ano en época estival para vacacións do persoal e limpeza xeral do centro; e tampouco os sábados, domingos e festivos.

2.- O PAI permanecerá aberto durante oito horas diarias. O horario poderá variar en función da demanda dos pais e dos medios municipais.

3.- Tanto o calendario anual como o horario figurarán no taboleiro de anuncios do centro.

Artigo 26.- Relación cos pais ou titores.

1.- A relación cos pais, titores ou representantes legais, que deberá ser fomentada polo PAI, ten como principais obxectivos: a transmisión mutua de información sobre actitudes e comportamentos dos nenos e compartir pareceres sobre incidentes, preocupación, actividades, etc.

2.- Os pais, titores ou representantes legais poderán solicitar reunións co persoal responsable do centro, sempre e cando non dificulte a boa marcha do mesmo.

3.- Os pais, titores ou representantes legais poderán solicitar toda a información que precisen sobre a atención recibida polos nenos.

Artigo 27.- Persoal.

1.- O PAI contará con persoal especializado para a atención directa ós nenos, respectando a ratio que estableza a normativa aplicable en cada momento, sen prexuízo de persoal de apoio e atención.

2.- As funcións do persoal do PAI son, entre outras:

a) Coidar da orde, formación, seguridade, entretemento, alimentación e aseo persoal dos nenos.

b) Elaborar unha memoria anual de actividades e o proxecto educativo do centro que defina o horario, calendario, usuarios, estrutura organizativa, persoal e funcións e que estará a disposición dos pais ou titores.

c) Elaborar e documentar as actividades de xestión.

- d) Relación e coordinación cos pais ou titores, dun xeito individual.
- e) Calquera outra función que sexa necesaria para o bo funcionamento do PAI.

Artigo 28.- Linguaxe.

- 1.- A lingua empregada en cada grupo será a lingua materna predominante entre os nenos que formen parte do mesmo (neste Concello a lingua predominante é o galego).
- 2.- Atenderase de maneira individualizada a aqueles nenos do grupo que non teñan coñecemento suficiente da lingua materna predominante.

Artigo 29.- Libro de reclamacións.

O PAI terá un libro de reclamacións a disposición dos usuarios. O persoal do centro porá en coñecemento da alcaldía o contido das reclamacións de forma periódica, salvo nos casos en que se requira unha comunicación inmediata.

Artigo 30.- Seguro.

O PAI contará con seguro de responsabilidade civil e de accidentes.

CAPÍTULO IX. DEREITOS DOS USUARIOS.

Artigo 31 .- Dereitos dos usuarios.

Son dereitos dos usuarios do PAI:

- a) Acceso ó centro e recibir asistencia sen discriminación por razón de nacionalidade, sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- b) Consideración no trato debida á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal do centro como dos demais usuarios.
- c) Sixilo profesional acerca dos datos do seu historial sanitario e socio familiar.
- d) Á intimidade persoal en función das condicións estruturais do centro.
- e) Que se lle facilite o acceso á atención social, sanitaria, educación cultural e, en xeral, a todas as necesidades persoais que sexan precisas para conseguir o seu desenvolvemento integral.
- f) A recibir un tratamento individualizado de contido educativo de cara á súa integración socio familiar, que terá como obxectivos prioritarios a súa protección, educación e formación.
- g) Participación dos pais ou titores nas actividades educativas como: festas escolares, contacontos, axudas na preparación de materiais para o traballo dos nenos,

CAPÍTULO X. NORMAS DE FUNCIONAMENTO.

Artigo 32.- Normas de saúde, hixiene e nutrición.

- 1.- Os nenos deberán acudir ao PAI en condicións correctas de saúde e de hixiene que non impliquen risco para si mesmos nin para outros nenos.
- 2.- Non serán admitidos no centro os nenos que padezan enfermidades infecto-contaxiosas. A aparición destas enfermidades deberá ser comunicada polos pais, titores ou representantes legais ó persoal do centro.
- 3.- No caso de observarse síntomas dun proceso infecto-contaxioso nos nenos no propio centro, informarase ós pais, titores ou representantes legais, co fin de evitar a propagación da enfermidade entre os demais nenos. O reingreso no centro só será posible unha vez transcorrido o período de contaxio e tras informe médico que acredite tal circunstancia.
- 4.- No caso de enfermidade ou accidente no centro, despois das primeiras atencións e á maior brevidade posible, poñerase esta circunstancia en coñecemento dos pais, titores ou representantes legais do neno, e se é o caso, procurarase que o neno reciba a atención médica adecuada, estando facultados os responsables do centro para autorizar nestes casos os desprazamentos necesarios a tal fin.
- 5.- Cando se produza a falta de asistencia ó centro por un período superior a tres días, debido a enfermidade ou outras circunstancias, os pais, titores ou representantes legais deberán comunicar este feito ó centro.
- 6.- Nos casos nos que deban administrarse medicamentos ós nenos, deberán ir acompañados de receita médica, actualizada á data de tratamento, na que constará o nome do neno, o nome do medicamento, forma, dose e periodicidade na súa administración. Non se lles administrará ningunha medicación que non veña acompañada da autorización por escrito dos pais, titores ou representantes legais, indicando as horas de administración e a dose correspondente.
- 7.- Os pais, titores ou representantes legais, deberán proporcionar ó centro o material (cueiros, babeiros e calquera outra peza de roupa) necesario para unha axeitada atención e hixiene dos menores.

8.- Nos casos de período de lactancia os pais, titores ou representantes legais deberán proporcionar ó centro a alimentación que veñan recibindo os menores, así como elementos precisos para a súa administración.

9.- Todos os nenos que usen cueiros deberán traer un paquete e outro de toallíñas, que deberán repoñerse cando sexa preciso. Os nenos terán sempre unha muda completa de reposto; tamén un mandilón e unhas zapatillas.

10.- Os pais, titores ou representantes legais poñerán en coñecemento do centro calquera circunstancia persoal do neno que esixa unha especial atención.

Artigo 33.- Dependencias e materiais.

1.- Os xoguetes serán atraumáticos, atáxicos, lavables e axeitados ás idades dos nenos. As actividades educativas que se realicen tamén terán que ser adaptadas por idades e realizaranse conforme ao establecido no proxecto educativo a elaborar polo persoal responsable do centro.

2.- Os materiais empregados no centro serán cálidos e adaptados ás idades dos nenos. O equipamento mobiliario deberá cumprir coas normas de seguridade establecidas para este tipo de centros.

3.- No caso de contar con zona de xogos ao aire libre, terá que estar delimitada e valada en todo o seu perímetro e acondicionada con materiais que garantan a seguridade dos nenos.

4.- Elaborarase un plan de actuación para casos de emerxencia que deberá estar a disposición dos usuarios do centro

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

1. Para o non previsto neste regulamento estarase disposto na Lei 5/1 997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; na Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e Regulamentos que a desenvolvan; na Lei 13/2008, de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia; Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento; Decreto 329/2005, de 28 de xullo, que regula os centros de Atención á Infancia e demais normativa autonómica de protección da familia, infancia e menores. Decreto 143/2007, de 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais.

2. Esta ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de acordo co artigo 70.2 de la lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

A Pontenova, 24 de novembro de 2022.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3475

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 44/2022. TRANSFERENCIA DE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 28/11/2022, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 44/2022 do orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito entre aplicacións de distinta área de gasto, para a cobertura de gastos relativos a Inversión, pola cantidade de 3.000,00 euros.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 28 de novembro de 2022.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3484

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO XERAL 2023

Aprobados inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste concello, do día 28/11/2022 o Orzamento xeral, as bases de execución e o cadro de persoal funcionario e laboral, para o exercicio económico 2023, de acordo co

previsto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, **exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por un prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, para os efectos de reclamacións e alegacións.**

Conforme o acordo adoptado, o Orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante ese prazo non se presentan reclamacións. No caso de que se realizasen alegacións, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, segundo o establecido no artigo 169.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo

Ribadeo, 28 de novembro de 2022.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3485

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

En cumprimento do disposto no artigo 169 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, exponse ó público que o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o 28 de novembro de 2022, aprobou inicialmente o orzamento consolidado para o exercizo económico 2023, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para o referido exercizo do Concello e da Fundación municipal "TerrEo".

Por prazo de 15 días os interesados poderán presentar reclamacións ante o Pleno; se durante o dito prazo non se presentase ningunha, considerarase definitivamente aprobado.

Ribeira de Piquín, 28 de novembro de 2022.- Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 3483

SARRIA

Anuncio

nomeamento funcionario interino

Mediante decreto 2022-1241 de data 17/11/2022, unha vez rematado o pertinente proceso selectivo, nomeouse como funcionario interino a Diego Fernández López, con DNI **533*, como operario de mantemento electromecánico, para a cobertura temporal da praza vacante ata a súa cobertura definitiva, segundo o artigo 10.1.b TREBEP, por un prazo máximo de tres anos, nos termos do artigo 10.4 TREBEP.

Sarria, 22 de novembro de 2022.- o alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 3411

VILALBA

Anuncio

Para os efectos do establecido no art. 17 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TR Lei r/ das facendas locais), exponse ó público, durante o prazo de **30 días hábiles**, a modificación das **ordenanzas fiscais números 11 e 16, reguladoras respectivamente das taxas da rede de sumidoiros e pola prestación do servizo de subministración de auga (Tarifas 2023)**, que se aprobou polo **Concello Pleno**, na súa sesión ordinaria celebrada o día **24/11/2022**, ó obxecto de que, a partir do día seguinte ó da súa inserción, os interesados poidan examinar o expediente e/ou presentar as reclamacións que estimen oportunas, que de ser o caso, haberán de dirixirse ó mesmo órgano que o aprobou, e entenderase elevado a definitivo se non se presentase ningunha reclamación.

Vilalba, 25 de novembro de 2022.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 3461

Anuncio

Para os efectos do establecido no art. 17 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TR Lei r/ das facendas locais), exponse ó público, durante o prazo de **30 días hábiles**, o expediente da **Ordenanza Fiscal reguladora da taxa polo exercizo da venda ambulante en mercados periódicos do Concello de Vilalba**, que se aprobou polo **Concello Pleno**, na súa sesión ordinaria celebrada o día **24/11/2022**, ó obxecto de que, a partir do día seguinte ó da súa inserción, os interesados poidan examinar o expediente e/ou presentar as reclamacións que estimen

oportunas, que de ser o caso, haberán de dirixirse ó mesmo órgano que o aprobou, e entenderase elevado a definitivo se non se presentase ningunha reclamación.

Vilalba, 25 de novembro de 2022.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 3462

Anuncio

Para os efectos do establecido nos arts. 49 e 70 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, exponse ó público, durante o prazo de **30 días hábiles**, o expediente da **Ordenanza reguladora da venda ambulante no Concello de Vilalba**, que se aprobou polo **Concello Pleno**, na súa sesión ordinaria celebrada o día **24/11/2022**, ó obxecto de que, a partir do día seguinte ó da súa inserción, os interesados poidan examinar o expediente e/ou presentar as reclamacións que estimen oportunas, que de ser o caso, haberán de dirixirse ó mesmo órgano que o aprobou, e entenderase elevado a definitivo se non se presentase ningunha reclamación.

Vilalba, 25 de novembro de 2022.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 3463

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A.

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: V/27/01381

PETICIONARIO: Jesús López Somoza, S.L.

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Gasocentro y unidad de suministro en A Louzaneta

LOCALIDAD: Polígono Louzaneta 34

TÉRM. MUNICIPAL: Lugo

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Segade /Lavadoiro Do

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales industriales de "Gasocentro y unidad de suministro en A Louzaneta" - "Jesús López Somoza, S.L.", con un volumen máximo anual de 1.445 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

-Tres separadores de hidrocarburos.

-Arqueta de toma de muestras.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 3412

*Anuncio***Expediente: A/27/29212**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 11 de octubre de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a O Solar S.C., la oportuna concesión para aprovechamiento de 2 l/s de agua procedente del río Comezo, en el lugar de O Solar, parroquia de San Pedro de Viana (San Pedro), en el término municipal de Chantada (Lugo) para usos ganaderos.

Lugo, 18 de noviembre de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 3413

*Anuncio***Expediente: A/27/27580**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 8 de noviembre de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Jesús López Lence, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,1243 l/s de agua procedente de un manantial, en el lugar de Pereiramá, parroquia de Pereiramá (San Xulián), término municipal de Castroverde (Lugo) para usos domésticos y ganaderos.

Lugo, 18 de noviembre de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 3414

*Anuncio***Expediente: A/27/31705**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 8 de noviembre de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Casa Gabino SC, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,11 l/s de agua procedente de un pozo sito en la parcela 83 del polígono 118, en el lugar de A Argá de Arriba, en la parroquia de Carlín (Santa María), en el término municipal de Friol (Lugo) para usos ganaderos.

Lugo, 18 de noviembre de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 3415

*Anuncio***Expediente: A/27/31991**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 8 de noviembre de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a NORVENTO ESTELO, S.L.U., la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,3 l/s de agua procedente de un pozo sito en la parcela catastral 5003 del polígono 6, en el término municipal de A Pastoriza (Lugo) para usos sanitarios.

Lugo, 18 de noviembre de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 3416
